# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

## Afiliacións medias xuño 2009

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2009

**Instituto Galego de Estatística**
**Complexo Administrativo San Lázaro s/n**
**15703 Santiago de Compostela (A Coruña)**
**Contacto: http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?**
**Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)**
**FAX: 981.54.13.23**
**Páxina Web : http://www.ige.eu**

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións[1] ao Sistema da Seguridade Social en Galicia durante o mes de xuño de 2009 acadou a cifra de 1.034.066 para o total do sistema o que supón un aumento respecto ao mes de maio de 2.514 afiliacións (un 0,24%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.097.986, rexistrando un descenso do 0,03%.

Na comparativa interanual (xuño de 2008 a xuño de 2009) obsérvase un descenso de 47.916 afiliacións no total do sistema en Galicia (un -4,43%), inferior á diminución do 6,51% (-1.260.967) no conxunto estatal. Estes datos indican que o 3,8% da diminución da afiliación estatal rexistrada no último ano ten lugar en Galicia.

No que vai de ano, o número medio mensual de afiliacións en Galicia foi de 1.032.630, un 4,3% inferior á cifra rexistrada no mesmo período do ano anterior. En España o descenso no que vai de ano foi do 6,3%.

**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

| CCAA | AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2009 | VARIACIÓNS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| **España** | **18.097.986** | **-5.501** | **-0,03** | **-1.260.967** | **-6,51** |
| **Galicia** | **1.034.066** | **2.514** | **0,24** | **-47.916** | **-4,43** |
| Andalucia | 2.939.869 | -13.850 | -0,47 | -181.526 | -5,82 |
| Aragón | 553.148 | 1.936 | 0,35 | -49.094 | -8,15 |
| Asturias | 388.888 | 366 | 0,09 | -19.094 | -4,68 |
| Baleares | 465.603 | 15.428 | 3,43 | -36.675 | -7,30 |
| Canarias | 700.955 | -2.718 | -0,39 | -75.759 | -9,75 |
| Cantabria | 219.861 | 1.979 | 0,91 | -10.823 | -4,69 |
| Castilla La Mancha | 717.439 | 3.515 | 0,49 | -52.424 | -6,81 |
| Castilla y León | 937.943 | 3.727 | 0,40 | -43.971 | -4,48 |
| Cataluña | 3.207.372 | 3.790 | 0,12 | -240.369 | -6,97 |
| Comunidad Valenciana | 1.745.378 | -9.503 | -0,54 | -205.302 | -10,52 |
| Extremadura | 390.406 | 517 | 0,13 | -11.631 | -2,89 |
| Madrid | 2.876.632 | -14.122 | -0,49 | -176.507 | -5,78 |
| Murcia | 544.501 | 1.160 | 0,21 | -43.902 | -7,46 |
| Navarra | 268.852 | -504 | -0,19 | -17.965 | -6,26 |
| País Vasco | 941.350 | 193 | 0,02 | -40.761 | -4,15 |
| La Rioja | 125.864 | -35 | -0,03 | -8.350 | -6,22 |
| Ceuta y Melilla | 39.860 | 106 | 0,27 | 1.106 | 2,85 |

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

[1] O Ministerio de Traballo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.




**Fonte**: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

Neste mes de xuño de 2009 descende o número medio de afiliacións á Seguridade Social con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é novamente a provincia que sufre o descenso máis forte nas afiliacións interanuais (a taxa de variación é do -6,08%). No que respecta ás afiliacións medias deste mes con respecto ás do mes de maio de 2009 tamén é Pontevedra, mais neste caso a provincia máis favorecida, a que presenta a taxa de crecemento máis elevada (0,35%) e 1.274 afiliacións máis.

As tres restantes provincias galegas tamén superan o número de afiliacións medias con respecto a maio de 2009.

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

| PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2009 | VARIACIÓNS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| A CORUÑA | 433.005 | 776 | 0,18 | -16.422 | -3,65 |
| LUGO | 129.257 | 135 | 0,10 | -4.140 | -3,10 |
| OURENSE | 108.453 | 329 | 0,30 | -3.828 | -3,41 |
| PONTEVEDRA | 363.351 | 1.274 | 0,35 | -23.526 | -6,08 |
| **GALICIA** | **1.034.066** | **2.514** | **0,24** | **-47.916** | **-4,43** |
| **ESPAÑA** | **18.097.986** | **-5.501** | **-0,03** | **-1.260.967** | **-6,51** |

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 73% das afiliacións galegas en xuño de 2009, aumentaron un 0,42% no último mes. Na comparativa interanual obsérvase un descenso do 5,04%. En España as taxas de variación do número medio de afiliacións ao réxime xeral foron do 0,04% (en relación a maio de 2009) e do -7,78% (en relación a xuño de 2008). Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (64,3%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos obsérvase un descenso xeneralizado nas taxas interanuais. O descenso máis acusado o presenta a provincia de Lugo cunha taxa do -3,72%.

Polo que respecta ao réxime especial do mar atopámonos cun aumento interanual nas provincias da Coruña e Lugo (0,95% e 26,43% respectivamente).Na provincia de Pontevedra a taxa cae un 2,54% ; resultando así unha taxa positiva para Galicia do 0,18%.

Seguimos a ter taxas de crecemento interanuais positivas no réxime especial de empregados do fogar en todas as provincias agás en Pontevedra (-0,38%).No conxunto de Galicia a taxa interanual é do 0,70% fronte ao 2,62% nacional. A variación relativa con respecto ao mes anterior é negativa nas catro provincias galegas.




**Fonte**: Ministerio de Trabajo e Inmigración

**Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

| RÉXIME E PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA DE XUÑO 2009 | VARIACIÓNS RELATIVAS | |
|---|---|---|---|
| | | MES ANTERIOR | INTERANUAL |
| **TOTAL SISTEMA** | | | |
| A CORUÑA | 433.005 | 0,18 | -3,65 |
| LUGO | 129.257 | 0,10 | -3,10 |
| OURENSE | 108.453 | 0,30 | -3,41 |
| PONTEVEDRA | 363.351 | 0,35 | -6,08 |
| GALICIA | 1.034.066 | 0,24 | -4,43 |
| ESPAÑA | 18.097.986 | -0,03 | -6,51 |
| **R. XERAL** | | | |
| A CORUÑA | 325.477 | 0,33 | -3,99 |
| LUGO | 83.067 | 0,46 | -3,43 |
| OURENSE | 77.426 | 0,50 | -3,71 |
| PONTEVEDRA | 269.380 | 0,50 | -7,12 |
| GALICIA | 755.350 | 0,42 | -5,04 |
| TOTAL NACIONAL | 13.693.647 | 0,04 | -7,78 |
| **R. ESPECIAL AUTÓNOMOS** | | | |
| A CORUÑA | 91.227 | -0,18 | -3,22 |
| LUGO | 40.007 | -0,28 | -3,72 |
| OURENSE | 27.691 | -0,19 | -3,15 |
| PONTEVEDRA | 70.411 | -0,04 | -3,37 |
| GALICIA | 229.336 | -0,16 | -3,34 |
| ESPAÑA | 3.232.151 | -0,18 | -5,20 |
| **R. ESPECIAL AGRARIO** | | | |
| A CORUÑA | 1.368 | -0,07 | 0,66 |
| LUGO | 1.393 | -0,36 | -4,39 |
| OURENSE | 368 | 0,27 | -0,27 |
| PONTEVEDRA | 1.244 | 1,06 | 0,97 |
| GALICIA | 4.373 | 0,18 | -1,00 |
| ESPAÑA | 806.547 | -0,71 | 8,91 |
| **R. ESPECIAL DO MAR** | | | |
| A CORUÑA | 6.355 | -1,61 | 0,95 |
| LUGO | 1.918 | -5,05 | 26,43 |
| OURENSE | -- | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 16.023 | -0,22 | -2,54 |
| GALICIA | 24.296 | -0,99 | 0,18 |
| ESPAÑA | 68.310 | 0,65 | -0,91 |
| **R. MINERÍA DO CARBÓN** | | | |
| A CORUÑA | 18 | 0,00 | -52,63 |
| LUGO | 0 | -- | -- |
| OURENSE | 0 | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 0 | -- | -- |
| GALICIA | 18 | 0,00 | -52,63 |
| ESPAÑA | 7.467 | -1,33 | -6,52 |
| **R. ESPECIAL EMPREGADOS FOGAR** | | | |
| A CORUÑA | 8.560 | -0,13 | 1,05 |
| LUGO | 2.873 | -0,79 | 0,67 |
| OURENSE | 2.968 | -0,13 | 2,03 |
| PONTEVEDRA | 6.293 | -0,32 | -0,38 |
| GALICIA | 20.694 | -0,28 | 0,70 |
| ESPAÑA | 289.866 | -0,07 | 2,62 |

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## 4.- Evolución da afiliación por comunidades autónomas

**Cadro 4.- EVOLUCIÓN DA AFILIACIÓN POR CCAA**

| CCAA | AFILIACIÓN MEDIA DE XUÑO DE 2009 | VARIACIÓNS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | XUÑO 09-DECEMBRO 08 | | XUÑO 08-DECEMBRO 07 | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| **España** | **18.097.986** | **-433.326** | **-2,34** | **-13.824** | **-0,07** |
| **Galicia** | **1.034.066** | **-20.615** | **-1,95** | **-526** | **-0,05** |
| Andalucia | 2.939.869 | -33.310 | -1,12 | -17.836 | -0,57 |
| Aragón | 553.148 | -14.509 | -2,56 | 9.160 | 1,54 |
| Asturias | 388.888 | -7.222 | -1,82 | 2.491 | 0,61 |
| Baleares | 465.603 | 71.142 | 18,04 | 87.705 | 21,16 |
| Canarias | 700.955 | -46.826 | -6,26 | -29.482 | -3,66 |
| Cantabria | 219.861 | -1.070 | -0,48 | 1.259 | 0,55 |
| Castilla La Mancha | 717.439 | -17.133 | -2,33 | 523 | 0,07 |
| Castilla e León | 937.943 | -17.369 | -1,82 | -4.032 | -0,41 |
| Cataluña | 3.207.372 | -77.621 | -2,36 | 17.336 | 0,51 |
| Comunidad Valenciana | 1.745.378 | -116.374 | -6,25 | -64.373 | -3,19 |
| Extremadura | 390.406 | -51 | -0,01 | -1.459 | -0,36 |
| Madrid | 2.876.632 | -102.066 | -3,43 | -14.338 | -0,47 |
| Murcia | 544.501 | -13.570 | -2,43 | -6.247 | -1,05 |
| Navarra | 268.852 | -7.457 | -2,70 | 1.989 | 0,70 |
| País Vasco | 941.350 | -24.144 | -2,50 | 5.841 | 0,60 |
| La Rioja | 125.864 | -4.277 | -3,29 | -1.012 | -0,75 |
| Ceuta y Melilla | 39.860 | -852 | -2,09 | -828 | -2,09 |

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración




**Fonte**: Ministerio de Trabajo e Inmigración

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados**: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Reximenes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

http://www.seg-social.es

http://www.mtas.es